



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 E-mail:[concello@viveiro.es](mailto:concello@viveiro.es)

## **Informe de intervención**

**Asunto:** Informe do tercer trimestre de 2017 relativo ao cumprimento de prazos do Real decreto 635/2014

O día 30 de xullo de 2014 publicouse no BOE núm. 184 o Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

En base ao regulado nel emítese o seguinte

### **Informe**

Para a súa elaboración seguiuise o establecido no artigo 4 e 5 do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, así como a “*Guía para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL*” publicada na páxina web da oficina virtual de entidades locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

O ámbito de aplicación son as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

No apartado 2 do artigo 6 do Real decreto 635/2014, establece a obriga das corporacións locais de remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, a información relativa ao seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior, correspondendo ao Concello o período de cálculo referido ao trimestre tal e como regula o apartado 4 do artigo 5 do dito Real decreto.

Tamén indica que a información referida ao trimestre anterior publicarase nos seus portais web, seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia da mesma, antes do día trinta do mes seguinte de cada trimestre.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 E-mail:concello@viveiro.es

Por todo o anterior e segundo os datos que constan no sistema de información contable do Concello de Viveiro, o período medio de pago global a provedores en termos económicos correspondente ao tercer trimestre de 2017 do Concello de Viveiro é o seguinte:

| Entidade            | Ratio de Operacións Pagadas | Importe Pagos 3º Trimestre 2017 | Ratio de Operacións Pdtes. de Pago | Importe Pdtes. Pago   | Período Medio de Pago Mensual |
|---------------------|-----------------------------|---------------------------------|------------------------------------|-----------------------|-------------------------------|
| Concello de Viveiro | 36,92                       | 1.897.553,09 €                  | 23,13                              | 1.232.089,62 €        | 31,49 días                    |
| <b>PMP Global</b>   | <b>36,92</b>                | <b>1.897.553,09 €</b>           | <b>23,13</b>                       | <b>1.232.089,62 €</b> | <b>31,49 días</b>             |

O PMP do terceiro trimestre de 2017 excede os trinta días non por problemas de liquidez, existe unha operación de tesourería, senón pola demora na tramitación de gastos

Polo que respecta a **serie histórica** dende o 4º trimestre de 2016, os datos son os seguintes:

| Entidade          |                   | Ratio de Operacións Pagadas | Importe Pagos Trimestrales | Ratio de Operacións Pdtes. de Pago | Importe Pdtes. Pago Trimestral | Período Medio de Pago Trimestral |
|-------------------|-------------------|-----------------------------|----------------------------|------------------------------------|--------------------------------|----------------------------------|
| <b>PMP Global</b> | 4º Trimestre 2016 | <b>35,32</b>                | <b>1.446.729,34 €</b>      | <b>25,50</b>                       | <b>1.330.356,03 €</b>          | <b>30,62 días</b>                |
|                   | 1º Trimestre 2017 | <b>33,25</b>                | <b>2.012.088,99 €</b>      | <b>6,08</b>                        | <b>530.153,26 €</b>            | <b>27,58 días</b>                |
|                   | 2º Trimestre 2017 | <b>41,94</b>                | <b>248.967,68 €</b>        | <b>29,23</b>                       | <b>1.410.039,28 €</b>          | <b>31,14 días</b>                |
|                   | 3º Trimestre 2017 | <b>36,92</b>                | <b>1.897.553,09 €</b>      | <b>23,13</b>                       | <b>1.232.089,62 €</b>          | <b>31,49 días</b>                |

Por todo o exposto **proponse**:

**Primeiro.** Remitir a información ao Ministerio de Facenda e AAPP.

**Segundo.** Dispoñer que se proceda á inserción da información na páxina web do Concello.

Viveiro, na data que figura á marxe.

O interventor por delegación de firma

Sergio Aguado Delicado